



PEZA DO MES

xuño

2025



POESÍA LOS CANEIROS
DE SOFÍA CASANOVA



Poesía *Los Caneiros* de Sofía Casanova

*Los Caneiros! Poesía
inefable de mi tierra,
divinamente pagana
y cristianamente bella!*

Con estes versos comeza o poema de Sofía Pérez Casanova (A Coruña 1861 – Poznań 1958) que o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense custodia nos seus fondos. Neles, a autora galega cántalle a unha terra, a súa, que abandonara sendo unha nena e á que non retornará máis aló dalgunha breve estada e algunha viaxe esporádica.

Foi nunha destas visitas que Sofía, xunto cun nutrido grupo de xentes procedentes de Madrid, participaría nunha excursión organizada polo xornal *La Tribuna*, que incluíu unha xira aos Caneiros, romaría fluvial celebrada na vila coruñesa de Betanzos no marco das súas festas patronais de San Roque. Corría o ano 1912, e Casanova era xa unha escritora consagrada afincada na capital de España desde que, a mediados da década anterior e logo de case vinte anos de matrimonio, regresase de Polonia ao separarse do seu

marido, o intelectual Wicenty Lutoslawski (Varsovia 1863 – Cracovia 1954).

Froito daquela xornada, celebrada de forma excepcional o primeiro día das festas e na que incluso houbo tempo para unha recepción por parte das autoridades da cidade, xurdiría a publicación, no semanario brigantino *Nueva Era* do 1 de setembro, do poema *Los Caneiros* acompañado dunha carta da propia autora dirixida ao editor do periódico. Precisamente é grazas á misiva, dada en Mera (Oleiros, A Coruña) o 22 de agosto de 1912, que sabemos que as estrofas foron escritas nalgún momento entre ese día e o 14 do mesmo mes.

As follas manuscritas, recibidas no seu día polo xornalista Juan Ponte y Blanco (A Coruña, 1851 – Betanzos, 1920), consérvanse na actualidade no Museo das Mariñas onde foron depositadas polos herdeiros do cronista e historiador Francisco Vales Villamarín (Betanzos, 1891 – *ib.* 1982). Numeradas e asinadas ao final da derradeira estrofa, as tres páxinas que conteñen a composición inclúen varias correccións realizadas pola man de Sofía e rematan cunha súplica para que se teña especial coidado coas erratas.

A versión definitiva, atendendo aos cambios feitos sobre o papel, é idéntica á que contén a folia de 13x5,8cm gardada polo MAPOU e catalogada co número de inventario FDE004460. Escrita por anverso e reverso e cun total de 28 versos agrupados en sete estrofas, a composición achega pinceladas dos principais aspectos que caracterizan os Caneiros como a subida en lancha río arriba ata o campo da festa ou a decoración floral empregada nas embarcacións.

Este documento, igual que sucede co do Museo de Betanzos, contén a rúbrica da escritora ao final. No entanto, descoñécese a data na que puido ser redactado dado que apareceu descontextualizado, mesturado entre outros obxectos pertencentes a Xesús Ferro Couselo (Valga, 1906 – Ourense, 1975).

Con 1912 como punto de partida, o que si sabemos é que, desde a aparición en *Nueva Era*, o poema publicárase, cando menos, noutras dúas ocasións polo que se podería pensar que acadou certa relevancia dentro da obra de Casanova. A primeira delas foi en 1923, xusto dez anos despois do orixinal, a modo de peche dun álbum conmemorativo editado con motivo da visita de membros da sociedade cubana a Betanzos. A segunda sería pouco despois, no xornal *El Compostelano* do día 21 de agosto de 1929, probablemente a modo de

efeméride, dada a proximidade á época estival na que se celebran Os Caneiros.

Cronoloxicamente, o máis probable é que a copia do MAPOU se enmarque, precisamente, nese espazo temporal, que vai desde a década de 1910 ata a de 1930. Aínda que non se pode descartar por completo, mais alá destas datas, dificilmente puido Sofía redactar as súas liñas cunha caligrafía tan coidada, tendo en conta os problemas de visión que arrastrou cara ao final da súa vida. De feito, no legado da autora, doado pola súa neta á Real Academia Galega, da que Casanova foi membro, pódese ver como, a través da súa correspondencia, a letra se irá degradando pouco a pouco ata facerse case inintelixible.

Tendo isto presente, cabe preguntarse cal foi a casuística que levou a que a composición rematase en mans de Ferro Couselo. Neste sentido, resulta pouco probable que o arqueólogo e a escritora se coñecesen en persoa, nin tampouco existen datos que demostren o contrario. Hai que ter en conta, por un lado, a notable diferenza de idade existente entre ambos e, por outro, a enorme distancia que separaba os ámbitos xeográficos nos que se movían.

Casanova, por exemplo, pasou gran parte da segunda metade da década de 1910 lonxe de España. Foron os anos nos que sobresaíu como unha das primeiras mulleres corresponsais de guerra narrando para o xornal ABC, desde primeira liña, o estoupido da I Guerra Mundial en Polonia e a Revolución de 1917 en Rusia. Logo, aínda que os anos 20 retorna a España, o certo é que non permanecerá moito tempo e regresa axiña a Polonia para estar preto das súas fillas. Finalmente, tras contadas viaxes ao noso país, será en 1938 cando veña por última vez para entrevistarse co xeneral Franco en Burgos aproveitando a visita para pasar uns días na Coruña.

Ferro, pola súa parte, non era máis que un neno cando o poema viu a luz por primeira vez. A súa xuventude transcorrerá en Santiago de Compostela, a onde chegará en 1918 para ingresar no seminario e, posteriormente, para cursar os seus estudos de Filosofía e Letras entre 1926 e 1931. Xa na década de 1930, superada a súa etapa formativa, comezará a dar clases, primeiro no Colexio dos Xesuítas de Vigo e, a partir de 1933, no Instituto de Tui. Pouco despois, a Guerra Civil sorprenderao estando de paso na capital do estado con motivo da realización das oposicións ao corpo docente levándoo a instalarse alí ata o remate da contenda.

Atendendo a estas dúas biografías tan distintas, a hipótese máis probable é, por tanto, que o poema

lle chegase a Ferro por medio dalgún coñecido que os dous tivesen nalgún momento en común. Porque o certo é que, a pesar da distancia, Sofía mantivo ao longo da súa vida un contacto estreito con personaxes destacadas da sociedade galega da época. Coñecidas son as súas participacións, nos anos que pasou en Madrid antes de casar, en tertulias e xornadas literarias, nas que coincidiu, entre outros, con persoeiros como Alfredo Vicenti (Santiago de Compostela, 1850 – Madrid, 1916) ou un mozo Castelao (Rianxo, 1882 – Bos Aires, 1950) que, mesmo, lle chegaría a realizar as ilustracións para un dos seus libros. Pero é que, ademais, incluso desde Polonia, Casanova seguiu conectada con Galicia a través das misivas que enviaba ás súas amizades nas que narraba como era a súa vida no país centroeuropeo.

Entre eses coñecidos chegou a haber algúns ourensáns ilustres, dato importante polo peso que tivo a Cidade das Burgas na vida de Ferro Couselo, como o intelectual Basilio Álvarez (Ourense, 1877 – Tampa, 1943), a escritora Filomena Dato (Ourense, 1856 – Bergondo, 1929) ou o xornalista Eugenio López Aydillo (Ourense, 1888 – Oviedo, 1965). Con estes últimos coincidiría Sofía en maio de 1913, tan só nove meses despois de asistir aos Caneiros, durante as festas do Corpus, onde foi invitada a participar no festexos como presidenta do xurado da batalla das flores. A penas un ano máis tarde, pero nesta ocasión na súa casa de Madrid, volverían verse as caras con motivo da concesión do título de filla predilecta de Ourense en favor da poetisa coruñesa.

Podería ter recibido Xesús Ferro a composición para lembrar esta efeméride tras a morte de Casanova? Chegou ata el co obxectivo de publicalo nalgunha das revistas que fundou ou das que foi colaborador? Déronllo na súa calidade de perito calígrafo para certificar a súa autenticidade? Todas elas son opcións viables, aínda que, quizais, haxa que aceptar que nunca saibamos como acabou o documento aquí. Conformaría así, unha mostra máis dos avatares que sofren moitas das pezas almacenadas nos centros museísticos. Os mesmos avatares que a súa autora experimentou en vida, desde a súa Coruña natal á Rusia bolxevique pasando pola Polonia zarista, sendo testemuña directa dos principais acontecementos que marcaron o século XX en Europa.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense

TEXTO: Andrés García Carneiro

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco